

Devanditas actuacións enmárcanse no Programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020

1. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN E SINALIZACIÓN EXTERIOR.

As actuacións que se van a levar a cabo e para as cales se solicita a axuda enmárcanse dentro da MEDIDA 6 Renovación das instalacións de iluminación, iluminación e sinalización exterior, recollida no Anexo 1 do RD 616/2017, do 16 de Xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

A actuación que se pretenden levar a cabo, é a substitución de 2.154 luminarias de iluminación pública existentes de vapor de sodio de alta presión e vapor de mercurio, con potencias desde 70 w ata 150 w, en dúas parroquias e nas rúas pertencentes ao concello de Verín para, dunha forma global, realizar un cambio na totalidade da instalación e conseguir unha redución das emisións de dióxido de carbono e de enerxía mediante a mellora da eficiencia enerxética. Realízase un estudo de cada unha das rúas, axustándose e adaptándose ás necesidades das vías afectadas e cumprindo o establecido no Real Decreto 1890/2008 do 14 de Novembro de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior.

As actuacións anteriormente citadas e previstas neste proxecto teñen os seguintes obxectivos:

AFORRO ENERXÉTICO:

Dispoñeranse luminarias tipo LED, que necesitan menos da metade de potencia eléctrica para producir o mesmo fluxo luminoso que as lámpadas actuais VSAP e VM, co que se reduce o consumo eléctrico a máis da metade do consumo actual. Isto débese á alta eficiencia deste tipo de luminarias, próxima ao 90%, isto é, a porcentaxe de enerxía eléctrica traducida en fluxo luminoso.

Ademais, este novo tipo de luminarias ten unha emisión de compoñente eléctrica reactiva desprezable, o que permitirá que a penalización por compoñente reactiva da compañía subministradora de enerxía eléctrica nestas rúas sexa nula.

Adicionalmente, conseguirase maior eficiencia e maior vida útil das novas luminarias instaladas, axustando as horas de funcionamento ás necesidades reais, diminuindo así os niveis de iluminación en horarios nocturnos e o consumo de cada luminaria, ata o establecido no REAL DECRETO 1890/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de eficiencia enerxética en instalacións de iluminación exterior, cun aforro de enerxía coa consecuente diminución na factura eléctrica.

Con estas actuacións, o Concello de Verin pasará de consumir 1.557.518,88 kw h/ano a consumir 599.138,38 kw h/ano, producíndose un descenso de 61,53% do consumo de enerxía eléctrica nas instalacións reformadas e/ou cambiadas, superior ao 30% esixido polo RD 616/2017 que regula a concesión de axudas.

DIMINUCIÓN DA EMISIÓN DE DIÓXIDO DE CARBONO

Coa redución do consumo de enerxía conséguese que as plantas xeradoras de enerxía diminúan a súa emisión de dióxido de carbono, axudando así a cumprir coas regulacións e directivas ambientais nacionais e internacionais, por exemplo o protocolo de Kyoto.

REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA

Axustando os niveis de cada lámpada aos valores establecidos no Regulamento, non só conseguimos que a zona se atope o suficientemente iluminada e uniforme para os peóns e condutores, senón que conseguimos que o ecosistema nocturno sexa o máis parecido ao seu estado natural, permitindo visualizar as estrelas, e que se cumpra o ciclo de crecemento natural das plantas e algúns animais. Coa instalación dos reloxos astronómicos conséguese a regulación da iluminación, en función a diferentes horarios nocturnos e tipos de vías, axustándose ás necesidades dos cidadáns e á as normativas en vigor.

2. ACTUACIÓNS PARA A IMPLANTACIÓN E POSTA EN MARCHA DO PLAN DE MOVILIDAD URBANA SOSTIBLE NO CONCELLO DE VERÍN | NOVA PONTE DE QUEIZÁS

Esta actuación consiste na creación dun viario perimetral, cuxo obxectivo é propiciar unha circunvalación de carácter interno: trátase do deseño e concreción dunha circunvalación complementaria á que desde hai anos constitúen as autovías A-52 e A-75, e dirixida a outro tipo de desprazamentos e tránsitos, na que se inclúe a construción da ponte de Queizás como eixo fundamental deste viario perimetral.

Esta actuación de mobilidade urbana sostible conseguirá reducir o consumo de enerxía final e reducións de CO2 en máis dun 5%, xa que propiciarán un menor uso do vehículo privado cara a outras alternativas de mobilidade máis sostibles (bicicleta, a pé, etc), así como un desconxestionamento do tráfico na zona urbana.